

# As preposicións e as conxuncións

1 Fíxate nas palabras destacadas. Son **preposicións**:

Entón Paulino ergueuse e foi o primeiro en estar listo para saír, porque dicía que lle daba medo quedar só no barracón e que lles ía dar as queixas ao seu papá e á súa mamá.

As **preposicións** serven para poñer en relación unhas palabras con outras dentro dunha oración. Estas son as principais:

a	baixo	con	desde	onda	sen
ante	canda	contra	en	para	sobre
ata	cara a	de	entre	por	tras

## Lembra

As preposicións **a**, **con**, **de**, **en** e **por** contraen cos artigos: **ao**, **coa**, **dos**, **polas**...

2 Localiza as preposicións e cópiaas no teu caderno:

- Manuel saíu de excursión sen a súa mochila.
- Temos vacacións desde xuño ata setembro.
- Esvarei por un camiño de terra e batín contra unha pedra.
- Montamos a tenda de campaña entre as árbores.

3 Completa as oracións coas seguintes preposicións. Fai as contraccións oportunas:

en	de	con	onda
baixo	desde	para	ata

## Apéndice

Lembra que podes consultar todas as contraccións das preposicións no Apéndice.

- Ven, senta ... min e cóntame como é iso ... o xogo nocturno.
- Fixen unha carteira ... coiro ... a miña nai.
- O partido non acabou ... as dez.
- Fun ... acampada ... Nicolasiño e Gualberto.
- ... o noso barracón pódese ver o río.
- Paulino colleu medo ... o barracón e agochouse ... o cobertor.

4 Le e repara nas palabras destacadas. Son **conxuncións**:

Os alumnos de 6.º irán de acampada a final de curso, e tamén podemos apuntarnos os de 5.º, pero só se quedan prazas.

As **conxuncións** son unha clase de palabras que serven para enlazar dúas palabras ou dúas oracións entre si.

As máis frecuentes son: **e**, **ou**, **mais**, **nin**, **pero**, **que**, **porque**, **se**...

5 Copia as conxuncións que atopas no texto da actividade 1.